

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº7 - PADRÓN 2022

**Luis Miguel Fernández**

Tomás Lugín Armero,  
os Lugín Castro, e o que contou  
Murguía. Novos datos sobre  
a familia de Rosalía

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

# Tomás Lugín Armero, os Lugín Castro, e o que contou Murguía. Novos datos sobre a familia de Rosalía<sup>[1]</sup>

**Luis Miguel Fernández**  
Universidade de Santiago

O que sabemos ata fai pouco de Tomás Lugín Armero, tío de Rosalía de Castro, procede do que Manuel Murguía lle contou a Jaime Solá na revista *Vida Galega* do 25 de outubro de 1918. O retrato feito polo historiador galego era o dun home honrado, moi relixioso, pero algo descoidado nos seus negocios, derivándose desta eiva algúns contratemplos económicos para a familia de Rosalía, e especialmente para Teresa Castro, a nai da poeta. Cabe dicir respecto diso que algúns feitos mencionados polo historiador galego ou son falsos ou, se teñen unha base verdadeira, ás veces están incompletos, son confusos e quedan na ambigüidade, de maneira que máis que aclarala deixáronnos unha imaxe distorsionada que levou a conclusións equivocadas desde entón aos que se achegaron á vida de Rosalía e á súa familia. Iso puido deberse á falta do coñecemento directo de gran parte do acontecido e do propio protagonista por parte de Murguía, ao moito tempo transcorrido desde que as cousas sucederon ata os seus comentarios de 1918, ou ao seu costume de escurecer todo o relacionado coa andaina vital de Rosalía e os seus parentes. Porque para construír o mito dunha Rosalía despreocupada pola súa obra que marcha a Madrid en 1856 non para gañarse a vida coa súa actividade creativa senón para resolver os problemas da súa nai co fisco, como el argumentou, tiña que diseñar previamente unha figura, a de Tomás Lugín, entre o funcionario tarambaina e o empresario fracasado, que xustificara a

---

[1] Este traballo é unha reelaboración da segunda parte do artigo de Fernández (2021), pero co engadido de novos datos e valoracións.

etapa madrileña da poeta e que fora a orixe dos males familiares, imaxe que, case sen excepcións, chegounos ata o presente<sup>[2]</sup>.

Tomás, nacido en Ourense o 3 de maio de 1792 e bautizado como case todos os García de Lugin Armero na igrexa de Santa Eufemia la Real daquela vila<sup>[3]</sup>, pertencía a unha familia dobremente fidalga, a dos Armero, de lonxanos antepasados rioxanos pero asentada en Pontevedra desde comezos do século XVIII có seu avó Luis Manuel Armero<sup>[4]</sup>, e a dos García de Lugin, vidos desde León a Ourense onde residían facía dúas xeracións. Aínda que nela atopamos a moitos funcionarios, militares, relixiosos e políticos, non faltan os empresarios, como o xa nomeado Luis Manuel Armero, notable comerciante de fariñas e bacalao que traía de Francia e Inglaterra, ou o seu fillo maior José Jacobo Armero, alcalde tamén de Pontevedra e cura serodio. Dúas irmás deste último e fillas daqueloutro casaron cós irmáns ourensáns García de Lugin, sendo Manuel García de Lugin y Valle e Tomasa Armero y Baliñas de Miranda os pais de Tomás<sup>[5]</sup>. A familia marchou de Ourense a Pontevedra sen que saibamos o ano exacto, pero en todo caso entre 1803 e principios de 1808. Desde alí saíu Tomás a estudar en Santiago, onde xa residía un irmán maior, Manuel Lugin Armero, máis tarde profesor na facultade de menciña e durante un tempo médico no hospital do devandito lugar.

En Santiago alistouse con dezaseis anos na forza universitaria que se tiña organizado cara á loita contra o exército invasor francés, a do Batallón Literario, composto por uns mil douscentos cadetes cando saíu de Santiago en xullo de 1808 e que, entre

---

[2] Velái, por exemplo, o que di Xosé Ramón Barreiro: “Polo que respecta á propia familia de Rosalía, que formaba parte da vella fidalguía polos dous costados, non se arruinou pola competencia que lle puidera facer a burguesía, senón pola pésima xestión do patrimonio familiar e por ter que facer fronte ás débedas xeradas polos Lugin, parentes deles, aos que afiuzaran ante a Facenda e, ao resultar insolventes (porque todo o que tocaba Tomás García Lugin fracasaba), os Castro tiveron que vender bens para satisfacer estas débedas.” (2014: 27). Segundo isto, se para Murguía abondaba só cun Lugin para arruinar á nai de Rosalía, case un século despois xa eran varios lugines os que estragaron as finanzas de toda a familia Castro.

[3] Na partida de bautismo do seu neto Alejandro Pérez Lugin dise que o seu avó Tomás García de Lugin era de Osuna. Isto é un erro de quen facilitou a información ou de quen a recolleu, seguramente por vinculalo aos seus parentes remotos, os Armero sevillanos (AHDM, “Partida de bautismo de Alejandro Pérez Lugin”).

[4] Sobre os Armero pontevedreses, véxase a Fernández-Villamil (1942: 63-108), traballo que me foi de grande utilidade para artellar a arbre xenealóxica que figura no Anexo deste artigo.

[5] A outra parella de irmáns eran José García de Lugin e Margarita Armero. A súa filla Javiera García Armero é a tataravoa por liña materna de Carmen Martín Gaité. Se ben os fillos dos dous matrimonios dos García de Lugin e as irmás Armero levaban o mesmo apelido, o máis normal será que os curmáns de Tomás figuren e asinen como García Armero, mentras que os seus irmáns e el mesmo o fagan como Lugin Armero, malia que non sempre ocorra así, podendo aparecer tamén como García de Lugin Armero.

expulsións, derrotas, desercións e demais desastres, especialmente o da batalla de Espinosa de los Monteros, volveu con poucos máis de cen, un deles Tomás, que non fora dos máis remisos en apuntarse<sup>[6]</sup>. Despois pasaría como voluntario ao denominado Rexemento da Morte e ao Rexemento de Lobeira, pertencentes á División do Miño (integrada dentro do Exército da Esquerda), coa que participou en moitas accións de guerra (Ponte Valga, Ponte Sampaio, Tamames, Medina del Campo, Alba de Tormes, nas liñas de Torres Vedras de Lisboa, o sitio de Badajoz, etc), sendo de subliñar o papel do Rexemento da Morte xunto cos outros da División de Vanguardia, cando el era xa un veterano de dezasete anos, na batalla de Alba de Tormes en 1809, na que probablemente morreron máis galegos que en ningunha outra, aínda que hoxe en día sexa un acontecemento e un lugar de memoria totalmente esquecido pola historiografía galega. Despois foi ferido e feito prisioneiro na batalla dos Campos de Santa Engracia, nas inmediacións de Badajoz, o 19 de febreiro de 1811, para acabar incorporándose, logo de fuxir da súa prisión, ao Batallón de Infantería Lixeira de Canarias e seguir a loitar por outros sitios de España. Por varias destas accións fóronlle concedidas por Fernando VII, igual que ao resto dos seus compañeiros de refregas, cinco Cruces de distinción. Malia esta brillante folla de servizos pediu a licenza absoluta en febreiro de 1816, logo de sete anos e oito meses como cadete, sen pago algún polos mesmos<sup>[7]</sup>. Non sabemos por que abandonou unha carreira que outros compañeiros seus haberían de seguir ata acadar os graos máis altos do escalafón militar. Quen sabe se por fartura de tanta morte ou por algún acontecemento familiar que o empurrase a iso. O caso é que ao presentárese en Santiago coa licenza o oficial que o recibiu deixounos o único retrato existente da súa persoa: “Pelo y cejas castaño claro, nariz larga, color trigueño, ojos pardos, poca barba, con un lunar bajo el labio” (AHN cartapacio 2677, Exp. 81).

Todo isto, en troques, non era currículo dabondo para aspirar a unha praza de bedel na Universidade de Santiago convocada en outubro de 1817. Despois de interrompirla os seus estudos universitarios en 1808, obrigado coma os demais estudantes pola triple alianza do clero, a oligarquía local e a universidade santiaguesa, Tomás volvía de loitar contra dragóns, húsares, cazadores de Lorcet, e a propia cabalería española -que cando fuxía dos franceses causaba unha desfeita tras outra entre a infantería propia-, pero non podía cun claustro de destemidos profesores universita-

[6] Para o do Batallón Literario, vide Barreiro (2008). A relación de alistados nel e outros documentos poden atoparse en AHUS (“Batallón Literario de Santiago”). Alí figura Tomás no posto sesenta dos asinantes.

[7] Pode verse todo isto así como os datos que se darán a continuación nos diferentes expedientes e follas de servizo de Tomás Lugín que constan no Arquivo Histórico Nacional de Madrid (AHN) coas sinaturas seguintes: FC- Mº Facenda cartapacio 2677, Exp. 81; FC- Mº Facenda cartapacio 3074, Exp. 493; FC- Mº Facenda cartapacio 3066, Exp.232; e FC- Mº Facenda cartapacio 3400, Exp. 275.

rios que na súa sesión do 26 de outubro daquel ano decidía deixalo en cuarto lugar de entre os varios solicitantes da devandita praza<sup>[8]</sup>.

Uns meses máis tarde, en abril de 1818, Tomás exercía de Comisionado de Estatística en Valga, nomeado polo Concello e a Xunta de Estatística de Santiago e cun salario elevado que endexamais volvería acadar, 13500 reais ao ano (AHN cartapacio 3066, Exp.232). Vese aquí a man do seu tío Manuel Silvestre Armero<sup>[9]</sup>, quen por decisión de Fernando VII chegara a Galicia para organizar as diferentes Xuntas de Estatística provinciais e locais, nas que o absolutismo rexio estaba interesado.

É nesta época cando coñeceu a María Castro e Abadía, a tía de Rosalía de Castro, coa que casou na igrexa de Santa María de Iria Flavia o 18 de xaneiro de 1820 (AHDS “Partida de matrimonio...”). Un matrimonio que se ben tivo oito fillos só sobrevivían cinco deles en 1861, tal como consta no “Expediente de clasificación de pensión de Dolores Lugín Castro. Huérfana de Tomás Lugín”, existente no Arquivo Xeral da Administración (AGA) de Alcalá de Henares, datos complementados polas pescudas de SAGRARIO ABELLEIRA (2021) sobre o particular: José María (nacido en 1823); Dolores (1825), cuxa madriña foi Teresa Castro, a nai de Rosalía; Manuel (1827); María del Carmen (1829); Socorro (1831); Concepción (1833); María Josefa del Carmen (1838), a nai de Alejandro Pérez Lugín; e Tomás (1840), o curmán da poeta que aparece con ela e con Peregrina Compañel nunha coñecida foto ademais de nomeado nunha das cartas de Rosalía dirixidas a Murguía. Os seis primeiros naceron en Padrón, onde vivían neses anos, e os dous últimos en Santiago, na parroquia de Santa María do Camiño, sendo os seus padriños dous dos irmáns maiores, Manuel e Dolores.

Despois sucederíanse os empregos de administrador de Correos en Padrón, administrador de rendas subalternas en Caldas de Reis –de xuño do 1824 a abril de 1827-, e de interventor, primeiro, e administrador de rendas ou alfolí do sal, máis tarde, en Padrón, desde 1827 ata 1835, con 4000 reais de renda anuais. É durante este período padronés cando, segundo Murguía, a vida de Rosalía e a súa nai Teresa viuse trastornada, pois debido ao ocorrido anos máis tarde con Tomás –unha acusación de malversación- aquelas saíron prexudicadas economicamente e Rosalía tivo que irse a Madrid de 1856 a 1858 para resolver os seus problemas coa facenda pública. Así se relataba en *Vida Gallega*:

---

[8] Véxase a acta dese claustro no AHUS en Actas de Claustros E.U., A-140 (anos 1817-1821).

[9] Manuel Silvestre Armero foi alcalde e rexidor perpetuo de Noia por decisión popular e o primeiro alcalde constitucional da vila, ademais de segundo presidente da Deputación da Coruña durante o trienio liberal, pero a súa figura foi moi controvertida politicamente, pois pasou de ser un acérrimo constitucionalista do ano 1812 a servir a Fernando VII en diferentes postos do Ministerio de Facenda, desde fiscal do Consello de Facenda ata ministro da sala de Xustiza do devandito Consello. Finou en 1835. Para máis información sobre o personaxe, vide. Fernández (2021)

Este D. Tomás Lugín fue en Padrón administrador del alfolí de la sal, artículo cuya venta corría entonces [...] a cargo del Estado. Para que pudiera desempeñar esta gestión lo había afianzado con su fortuna particular, su suegra D<sup>a</sup>. Josefa Abadía, la abuela de Rosalía de Castro (Solá, 1918: s. p. pero 4).

Dado que a súa filla Teresa fora a mellorada no testamento, contra ela habería de lanzarse máis tarde o Fisco debido a aquela fianza, ao producirse a acusación de malversación contra Tomás en 1851.

O argumento de Murguía, que tentaba xustificar a viaxe de Rosalía a Madrid por esta causa máis que por outras posibles, entre elas a do desexo da poeta de labrarse un futuro coa súa actividade creativa, non ten en conta que antes de chegar a Padrón Tomás Lugín xa estivera en Caldas de Reis, polo que non necesitaba diñeiro para a fianza no seu novo destino. Ademais, na súa laboura en Padrón nunca resultou alcanzado por malversación dos diñeiros públicos. E aínda no suposto de que tivera presentado fraudulentamente esa mesma fianza noutro destino posterior, ao non vivir a fiadora, a nai de Teresa e dos Castro, o Fisco reclamaría primeiro ao irmán varón maior, non á terceira das fillas.

Non semella tampouco que neses anos o tío de Rosalía precisase de diñeiro, pois tal como deu a coñecer Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda ao rescatar o valioso documento da venda da casa que os Castro e Abadía tiñan no número 4 da rúa do Sol de Padrón (actual Xoán Rodríguez), Tomás mercáralle en 1830 ao seu cuñado Ramón Castro a parte daquela propiedade que lle correspondía a este na herdanza, e en 1834 constituíu unha hipoteca ao seu favor dos dous terzos da propiedade que pertencían a Margarita Abadía, tía avoa de Rosalía; é dicir, que lle daba o diñeiro a cambio da hipoteca da casa (Álvarez Ruiz de Ojeda: 1997 e 2002). E se a todo iso se lle suma o que tiña por herdanza a súa muller María Castro, o matrimonio desta e Tomás Lugín posuía máis do oitenta por cento do total da vivenda na que Rosalía habería de pasar parte da súa nenez, de 1841 a 1846; polo que a casa pertencíalle máis a el que aos Castro, cousa que non adoita poñerse de relevo a miúdo. Porque isto é importante subliñalo, grazas a el o domicilio no que Rosalía pasou a súa infancia mantívose en mans da familia Castro durante todos eses anos, tan só vendeu a súa parte cando en 1847 necesitou os cartos para afianzarse no seu novo destino de funcionario.

Pero en decembro de 1835 comezaron os contratemplos. O día 7 do citado mes nun escrito da Dirección Xeral de Rendas Estancadas e Resguardos resólvese que sexa separado inmediatamente do seu emprego e quede como cesante “sin perjuicio de lo que resulte acerca de su conducta política” no expediente gubernativo que debe abrírselle (AHN cartapacio 2677, Exp. 81).

En plena guerra carlista, e cunha parte substancial da fidalguía galega seguidora de Don Carlos, era Tomás un deles?, debíase o cesamento a algunha acusación infundada ou a algún tipo de depuración agora que o seu tío Manuel Silvestre Armero

xa non podía ser o seu valedor ao finar nese mesmo ano? Sexa como for, non deixou o alfolí de Padrón por vontade propia como parece desprenderse da interpretación de Murguía (“Ofreciéronsele otros horizontes al Sr. Lugin, dejó el alfolí y se consagró a la salazón de sardinas en la ría de Muros”, en Solá, 1918: s. p. pero 4). Cando en agosto de 1845 solicite a cesantía correspondente, achega unha “Información” realizada ante o alcalde, o escribano e o síndico de Padrón, e referendada por cinco testemuñas, na que afirma no seu punto cuarto non ter tomado armas nin directa nin indirectamente contra Isabel II e o seu goberno, “antes al contrario que he permanecido siempre obediente y fiel servidor suyo” (AHN cartapacio 2677, Exp. 81). Pero do expediente que se lle ía formar non se soubo máis.

Tal como consta na información citada, Tomás e a súa familia marcháronse de Padrón a Santiago, permanecendo alí desde finais de 1835 ata 1840 en que fixaron a súa residencia en Vilaxoán, localidade a carón de Vilagarcía de Arousa, na cal debeu permanecer a súa familia polo menos ata 1847, pois o 27 de febreiro dese ano a súa muller María asinaba por poderes diante do notario de Vilanova de Arousa a venda da parte correspondente ao matrimonio da casa da rúa do Sol en Padrón, antes mencionada, deixando constancia na mesma que era veciña de San Salvador de Sobrado, é dicir, dunha das freguesías de Vilaxoán.

Esta cronoloxía sitúaos en Santiago no ano de 1837 no que naceu alí Rosalía, cuxa nai Teresa debeu de contar co apoio da súa irmá María e o seu cuñado antes e despois do parto, os cales quizais pertencían nesa época á mesma parroquia de Santa María do Camiño que a familia de José Varela de Montes, o médico que segundo a tradición herdada de Murguía a atendeu no alumeamento da nena, aínda que se trate este dun feito non demostrado. Como xa se dixo antes, dous dos fillos de Tomás e María naceron nesa parroquia, a primeira, M<sup>a</sup> Josefa del Carmen, en abril de 1838, e Tomás en 1840. Pero non sabemos se nos dous anos anteriores, os de 1836 e 1837 tamén viviron alí, o que explica o “quizais” usado antes, porque de ser verdade a información de Murguía acerca do nacemento de Rosalía nunha casa do Camiño Novo de Conxo, cousa que non se sabe de certo, non ten sentido que ante o parto próximo de Teresa as dúas irmás residisen tan alonxadas unha da outra, case nos dous extremos da cidade. Sabemos que Tomás Lugin foi en Santiago comerciante de grans<sup>[10]</sup> que compraba e vendía cereais (o que nesa época se chamaba “especulador de grans” sen a carga negativa que hoxe ten esa palabra), polo que seguramente tiña un almacén nalgures, e poida que seguindo esa actividade súa atopemos algún vieiro para achegármonos un pouco máis do que sabemos na actualidade aos feitos e lugares

[10] Nun dos acordos do Concello de Santiago do 5 de novembro de 1838, pódese ler: “También se dio [cuenta] de una instancia de D. Tomás Lugin, especulador en granos, solicitando se le exima de la contribución de Utensilios, mediante paga patente y rebaja de esta. Se acordó que respecto del pago de Utensilios se tenga presente para el año próximo no habiendo lugar a la rebaja de cuota que se le ha designado por patente” (Libro de Actas de 1838, sign. A.M. 395, folio 125 r)

vencellados ao nacemento da poeta. Téñase en conta a propósito desta actividade de Tomás, que a liberación do comercio de grans das taxas e suxecións propias do Antigo Réxime era unha reivindicación tradicional dos liberais asociada ao progreso dos pobos, e que iso fíxose efectivo xa desde xaneiro de 1834, pouco despois da morte de Fernando VII, valorándose entón o traballo do especulador de grans como lexítimo e benéfico para a agricultura en tanto que exercicio do libre comercio e forma de loita contra os monopolios, tal como recollía anos despois o libro de Manuel Colmeiro *Principios de economía política*.

Asemade na vila santiaguesa habitaba desde facía tempo parte da súa familia. Un irmán maior, Manuel Lugín Armero, fora colexial en San Xerome e despois profesor na Facultade de Menciña, no Colexio de Cadetes de San Clemente, e médico no Hospital desa cidade, no que, se cadra, coñeceu ao pai de José Varela de Montes, boticario daquela institución<sup>[11]</sup>, mentras que dúas irmás, Manuela e Francisca, tamén residían alí, e esta última cun fillo, Luis Pombo Lugín, nacido no mesmo ano que Rosalía. Tampouco deixaba de visitalo con frecuencia o seu amigo José Antonio Seoane, un dos dous farmacéuticos de Padrón e comprador en 1847 da casa do Sol da familia Castro Abadía, ademais de testemuña a favor de Tomás na citada “Información” de 1845.

En todo este periplo non aparecen nin a ría de Muros nin Porto do Son, onde Murguía situara o almacén de salgadura de sardiñas de Tomás, causa da perda da súa facenda (“Si todos los barcos del Son, donde él tenía su almacén, salían a la mar, todos, menos los de Tomás, traían pesca”, en Solá, 1918: s. p. pero 4). O máis probable é que de telo fose en Vilaxoán, razón pola que debeu trasladarse alí coa súa familia en 1840 sen que saibamos a causa pola que se foron de Santiago. Pero a idea que deixan flotando as palabras de Murguía é a de que Tomás non fora moi dilixente neste negocio: todos pescaban agás os seus barcos. Digamos no seu favor que el foi un dos poucos empresarios galegos dos que teñamos constancia que na primeira metade do século XIX traballaron nunha actividade que en Galicia estaba en mans dos fomentadores cataláns desde finais do século XVIII. Eran eles quen controlaban a salgadura, sen que ata o último terzo do século XIX atopemos nomes galegos de importancia. Tomás inscribíase así na tradición dos Armero empresarios -iniciada xa en Santiago como comerciante de grans- e un dos pioneiros galegos deste sector.

---

[11] Máis difícil é que Manuel Lugín coñecese ao médico que se supón que atendeu no parto a Teresa Castro, pois Varela de Montes foi profesor da facultade santiaguesa cando aquel seguramente xa finara. O irmán de Tomás formou parte no seu momento, xunto a Domingo Fontán e Luis Pose Varela, da comisión nomeada polo claustro da universidade o 9 de xullo de 1816 encargada de dotar ao Gabinete de Física Experimental, daquela con material moi escaso, dos instrumentos que necesitaba para o seu labor. Máis adiante, en outubro de 1817, foi nomeado para ocupar a segunda cátedra de Instituciones Médicas, que non chegou a exercer por enfermidade (en AHUS, Actas de la Junta de Facultad de Medicina - F.U., A- 166, 1817-1844)



Como pioneiros, cada un ao seu xeito, haberían de selo a súa filla Carmen e o seu neto Alejandro Pérez Lugín. A primeira, ao desafiar as normas sociais da segunda metade dese século -igoal que antes o fixera a súa tía Teresa Castro- cando, camiño dos trinta e nove anos de idade casou en 1877 cun home moito máis novo, de vinte e catro anos, co que tivera ao seu fillo tempo atrás; este, o autor de *La casa de la Troya*, por interesarse polo cinema como empresario cando poucos escritores o facían, nos inicios dos anos vinte do século pasado, por converter a recreación da súa novela – como faría despois con *Currito de la Cruz*- nun proxecto personalista que dependía del na súa totalidade, e tamén porque coa súa produtora *Troya Film* converteuse naqueles anos “en un exemplo para outros escritores y también para pequeños capitalistas que creyeron ver negocio en la producción de películas” (Sánchez Salas, 290).

O proxecto de Tomás non estaba mal pensado fronte ao que cría Murguía. Vixaxoán fora ata a década dos vinte do século XIX un dos núcleos importantes da industrialización pesqueira e da exportación de sardiñas a cargo dos fomentadores cataláns (Meijide Pardo, 1973), e ademais, como administrador do alfolí de Padrón, el coñecía ben o negocio do sal. Pero co que nin el nin ninguén contaba en 1840 era con que o estanque do sal arrendaría o goberno en 1841 a unha empresa privada que endurecería o acceso á mesma, provocando varios escritos de protesta dos fomentadores, nin con que desde ese ano ata 1848 a pesca da sardiña sería moi escasa nas rías galegas (Santos Castroviejo, 1998: 131-132), como certificaba *El Centinela* do 27 de novembro de 1843 nunha noticia sobre a vila de Muros: “Por lo demas no ocurre novedad, solo gran disgusto por la escasa cosecha de sardina, en cuya industria se ocupan todos los vecinos de este pueblo y sus inmediaciones”. Nesas condicións el e outros moitos fracasaron no seu negocio da salgadura.

Foi despois deste tropezo económico cando solicitou o abono da cesantía como funcionario de Facenda en 1845. En febreiro de 1847 vende a súa parte da casa padronesa desencadeando un movemento idéntico nas irmás Castro. Probablemente debeuse á necesidade de conseguir diñeiro para a fianza dun novo destino en Facenda do que tomou posesión o 21 de xullo de 1847, o de administrador de rendas do partido de Carrión de los Condes en Palencia, con 8000 reais ao ano<sup>[12]</sup>, despois dun paso fugaz como oficial de contribucións da provincia de León (AHN cartapacio 3066, Exp. 232), e converténdose máis tarde en Inspector 2º Xefe do mesmo partido de Carrión, ata ser suspendido de emprego e soldo polo gobernador da provincia o 30 de agosto de 1851 e declarado cesante o mes seguinte por un suposto delito de malversación, tal como se recollía no *Boletín Oficial da provincia de Palencia* o 22 de setembro daquel ano. Obrigada a comparecer ante a Subdelegación de Rendas da devandita provincia, escapouse a Portugal.

---

[12] A fianza esixida era de 30000 reais en metálico, ou de 90000 en papel do Estado, para cuxo depósito se lle daba un prazo de sesenta días. Unha vez depositada tomou posesión do destino.

Murguía interpreta todo isto do seguinte modo: o emprego conseguíullo o ministro Francisco Armero<sup>[13]</sup>, sendo os servidores de Tomás Lugín os que se lle levantaron con todo, e “a pesar de su gran honradez, por su desgracia, misticismo exagerado y descuido, tuvo que irse a Portugal” (Solá, 1918: s. p. pero 4), motivo polo cal o Fisco iría contra quen o afianzara no seu posto de Padrón, cuxa herdeira encargada de responder ante Facenda era Teresa Castro.

Xa se demostrou anteriormente como isto último era moi pouco probable, pero no demais seguramente levaba razón Murguía, co matiz de que na consecución do emprego quizais tivo algo que ver o seu curmán Luis Armero Millares, fillo de Manuel Silvestre Armero, por aquel entón senador e mariscal de campo do exército ben situado nos círculos de poder madrileños<sup>[14]</sup>, e a quen se dirixían en ocasións ante as dificultades os membros da familia Armero. E sobre a súa probidade como funcionario tampouco hai dúbidas, máxime cando depositara unha substancial fianza e gozaba dun salario de clase media de aceptable nivel económico<sup>[15]</sup>, mesmo que algo escaso para afrontar todas as necesidades familiares. Con todo, o descoido con quen eran os seus subordinados carrexou grandes males á súa familia.

## Os Lugín Castro e Rosalía

No momento de fuxir a Portugal, a súa muller e os seus fillos vivían en Cambados onde Dolores, a filla maior e afillada de Teresa Castro, estaba casada e tivera uns meses antes o seu primeiro fillo e neto de Tomás, Ramón Álvarez Lugín, quen co tempo ía ser un recoñecido membro da orde franciscana. Descoñecemos, en cam-

[13] Francisco Armero y Fernández de Peñaranda ademais de tenente xeral dos Exércitos Nacionais foi ministro en varias ocasións e senador vitalicio desde 1845. En 1847 era Ministro de Mariña, Comercio e Gobernación de Ultramar ao mesmo tempo que Capitán Xeral de Madrid. En outubro de 1857 foi nomeado Presidente de Gobierno, coincidindo coa estancia de Rosalía de Castro en Madrid. Pertencía á mesma familia dos Armero rioxanos que os Armero pontevedreses e tiñan os mesmos devanceiros.

[14] Luis Armero Millares aparece incluído por Murguía na páxina 96 do seu *Diccionario de escritores gallegos* (Vigo, Juan Compañel, 1862). Para máis información sobre esta persoa, véxase Fernández (2021)

[15] A súa honradez foi referendada sempre polos seus superiores. Por exemplo, o xefe de Administración da provincia da Coruña, Manuel de Alcázar, afirmaba da súa etapa padronesa que “fue exacto en el desempeño de los deberes, sin que durante el hubiese malversado los caudales de la Real Hacienda y menos salido alcanzado hasta el fin de diciembre de mil ochocientos treinta y cuatro” (AHN cartapacio 3066, Exp. 232). Sobre a súa eficiencia como funcionario en Carrión, el mesmo presentaba un escrito en 1851 no que os xefes lle daban as grazas “por las grandiosas recaudaciones que hice extinguiendo todos los débitos que había en este partido y consiguiendo un exceso sobre las consignaciones de 850...” (AHN cartapacio 3074, Exp. 493). Un derradeiro dato que a avalaría é o nomeamento que a Junta Directiva de la Sociedad de Socorros Mutuos y Caja de Ahorros de empleados del gobierno de Pontevedra fixo del como o seu representante na provincia de Palencia (vide. *Boletín Oficial da Provincia de Palencia* do 28 de novembro de 1849).

bio, que pasou un pouco antes e despois, e por que se foron a Madrid en 1856. Para iso talvez poida axudarnos algo o “Expediente de clasificación de pensión de Dolores Lugín Castro” xa citado antes. Aí explícase que en outubro de 1861 Carmen e Tomás, os dous únicos fillos solteiros, solicitan unha pensión de orfandade por levar o seu pai ausente máis de dez anos e ignorarse o seu paradiro, e din estar “sumidos en el mayor desconsuelo y miseria, aumentándose la pena al considerar que la falta de salud no les permite dedicarse a trabajo alguno para ganar su subsistencia”, o que corroboran cun informe xudicial adxunto asinado por tres testemuñas no que afirman que ao marcharse o seu pai, a súa muller “quedó en el mayor abandono y espantosa miseria con sus hijos de menor edad”, sendo os solicitantes “absolutamente pobres sin que posean bienes de ninguna clase”. Esa situación é acorde coa estancia de María e os seus tres fillos menores, Concepción, Carmen e Tomás no convento de Santo Agostiño en Santiago en 1855 e principios de 1856, onde, segundo Bouza Brey, coincidirán con Rosalía e a súa nai Teresa (2015: 37), xa que ditas dependencias eran alugadas a familias sen recursos como unha especie de beneficencia pública (Barreiro Fernández, *Murguía*: 193-194). E, con todo, nese ano de 1856 Rosalía marchárase a Madrid a vivir coa súa tía e curmáns, sendo alí onde publicou o seu primeiro libro e casou con Murguía. A pregunta é entón a de quen pagaba o cuarto baixo da rúa Ballesta número 13, no que a poeta residiu coa súa familia, e tamén as anteriores vivendas madrileñas que seguramente Rosalía compartiu cos Lugín Castro desde 1856 a 1858, que hoxe sabemos que foron varias gracias ás relevantes aportacións de Sagrario Abelleira e Miguel Anxo Seixas (2021).

O fillo maior de Tomás Lugín, José María Lugín Castro, que ata 1851 fora funcionario de Facenda en Pontevedra e nunca saíra de Galicia, exerceu de inspector cuarto de rendas en Zamora (probablemente desde 1852 ou 1853) e de alí pasou á praza de Trujillo en febreiro de 1855<sup>[16]</sup>, finando en Madrid, quizais de cólera, en marzo de 1855, mentras residía temporalmente na rúa do Carmen desa cidade (AHDM “Partida de defunción de José María Lugín”), polo que non é difícil supoñer que neses anos puido ser a principal fonte de axuda, pois nin Francisca, a única irmá que lle quedaba a Tomás, nin os Castro e Abadía estaban en condicións de sufragar os

---

[16] Así se daba a información nun xornal da capital: “Por otra [Orden] de 18 del mismo mes de febrero [de 1855] se nombra inspector tercero de la administración principal de Hacienda pública de la provincia de Lugo, con 10,000 rs., á don Diego Talló, electo inspector de la administración de rentas del partido de Trujillo; y para esta vacante, con 8,000, á don José María Lugin y Armero, que lo es cuarto de la de Zamora.” (*La España* 1855:4). É posible que o uso do segundo apelido Armero en vez do de Castro, que era o que lle correspondía, tivese relación coa situación de poder ostentado nesa época polos dous irmáns sevillanos Armero, Francisco e Joaquín Armero y Fernández de Peñaranda, parentes remotos dos Armero pontevedreses, como xa se dixo. O emprego de Joaquín Armero, Capitán Xeral de Extremadura de 1852 a 1854, e de Castilla la Vieja desde 1854 (á que pertencía Zamora), poida que non fose alleo aos trocos de destino de José M<sup>a</sup> Lugín, aínda que non temos os datos para demostralo e sexa tan só unha sospeita.

gastos familiares de María e os fillos durante tanto tempo. Ata 1853 mesmo puido axudarlles Luis Armero Millares, o primo de Tomás, ese si nunha posición moi acomodada, pero xa non puido facelo a partir dese ano debido ao seu pasamento.

Quizais a mobilidade deste fillo de Tomás Lugín ata vilas próximas á fronteira portuguesa tivese que ver cunha meirande posibilidade de atoparse con seu pai e coa oportunidade deste de dirixir as accións familiares nun sentido determinado, fose para resolver os problemas coa Facenda, para solicitar unha pensión para María, para entregarlles cartos ou documentos, ou para calquera outro negocio; sen que debamos desbotar a idea de que a muller e os fillos se movesen tamén na compañía do fillo maior. Pero coa desaparición de José María Lugín a nai e os fillos pequenos volvían estar nunha situación precaria, o que explicaría a súa estancia santiaguesa no convento mencionado.

Hoxe coñecemos, grazas a unha carta conservada no Arquivo da familia García-Armero, que se María e os seus fillos estaban en Santiago naquelas datas no convento citado era porque ela viña a cobrar a parte da herdanza que lle correspondía a Tomás Lugín despois da morte da súa curmá María Armero, que debeu de ocorrer nos primeiros meses de 1855, para o que traía un poder notarial do seu home. Os herdeiros da defunta eran os seus once primos (oito deles da familia Armero), que levaron a cantidade de 12.078 reais ou un pouco máis cada un e que na súa maior parte foilles abonada en entregas parciais entre agosto e decembro dese ano, case 11.000 reais, segundo os documentos sobre o particular dun dos herdeiros, Francisco García Armero, curmán de Tomás (AFG-A “Estado de las ventas de las fincas...”). A carta leva data do 8 de xuño de 1855 e diríxella Juan García Armero ao seu irmán Francisco<sup>[17]</sup>:

me falta decirte que la mujer de Tomás Lugín tiene el poder de su marido huido y no reclamó nada porque prefiere a nosotros a la Hacienda que se echaría sobre lo que le corresponda por el alcance contra su marido, pero fía según me dijo el Apoderado en que se le tendrá presente para la partija (AFG-A “Carta de Juan García Armero...”)

É doado pensar que con ese diñeiro María e os rapaces puideran marchar a Madrid en 1856 para xestionar algún tipo de pensión, como deu a entender Murguía, para buscar algunha axuda para o fuxido dada a posición de poder que ostentaron os dous Armeros, Luis e Francisco -aínda que para este último non deixaban de ser uns

[17] Juan e Francisco García Armero eran curmáns de Tomás Lugín e fillos de José García de Lugín e Margarita Armero. O primeiro foi gobernador civil de Ourense en 1854 e alcalde de 1856 a 1857, ademais dun dos primeiros lectores de *Cantares gallegos* daquela vila; o segundo, foi síndico do concello de Lugo e administrador de rendas eclesiásticas, ademais de alfolí do sal, debéndoselle a el o pulo definitivo para a construción da actual alameda da Praza Maior da citada urbe. Para máis información, véxase Fernández (2021).

parentes moi afastados-, ou para intentar resolver os problemas coa facenda. Pero se foi para isto último nono ían lograr, pois aínda en febreiro de 1867 a delegación de Facenda da Coruña citaba ao que agora, finado xa José María, era o fillo varón maior de Tomás, Manuel Ramón Lugin, para que se presentase alí a requerimento do Tribunal de Contas polo asunto da suposta malversación do seu pai<sup>[18]</sup>.

Non sabemos se foi en Santo Agostiño e co diñeiro da herdanza cobrada por María cando se decidiu ir a Madrid e que tamén fose Rosalía, pero o certo é que esta marchou para alá en abril de 1856 a vivir coa súa tía e curmáns menores segundo o testemuño de Engracia Batalla en *Vida Gallega* (Solá, 1917: 9), referendado por Murguía na mesma revista o ano seguinte (Solá, 1918: s.p. pero 4), e pola súa filla Alejandra na conversa con Martínez Barbeito reproducida por este varios anos máis tarde (1949<sub>b</sub>:1), sen que ningún deles mencionara que con ela ía tamén a súa nai Teresa. A eles poderíase engadir un máis de Bouza Brey, que, sen que saibamos en que se baseou para referirse aos compañeiros de viaxe de Rosalía, acerta no principal, a estreita relación da poeta con esa parte da súa familia:

En abril de 1856 arriba Rosalía [a Madrid], acompañada, no de su madre, como se ha dicho repetidamente, sino de su tía doña María Castro, y de sus primos Carmen, Concha y Tomás García-Lugin y Castro, en cuya compañía y la de su madre doña Teresa había vivido en Santiago... (1958: 8)<sup>[19]</sup>

Se pensamos que o padrón da parroquia de Santa María do Camiño de 1856, seguramente elaborado nos primeiros meses do mesmo e, en todo caso, antes de mediados de abril<sup>[20]</sup>, incluía aínda a estadia de Teresa Castro, Rosalía, María e tres dos seus fillos no convento de Santo Agostiño a principios dese ano, despois de ter

[18] Manuel Ramón Lugin Castro foi o primeiro mestre da Illa de Arousa en 1858, e máis tarde funcionario de Aduanas en varias localidades españolas (Vinaroz, Ribadesella, Ribadeo, Torre del Mar, etc.). A citación aparece na *Gaceta de Madrid* de 27 de febreiro de 1867, páxina 3. Respecto do expediente de Tomás Lugin, que debía estar arquivado no Tribunal de Contas, non é sinxelo de atopar na actualidade, pois a documentación anterior a 1903, remitida no seu momento por este tribunal ao Arquivo Central de Alcalá, desapareceu nun incendio deste arquivo producido no ano 1939.

[19] Desminte Bouza Brey con esta afirmación, entre outras, a opinión de Naya Pérez en “Murguía y su obra poética” (xaneiro 1946-dembro 1950) cando este afirma, referíndose ao acompañamento en Madrid de Rosalía pola súa nai Teresa, que: “Ya están allí Rosalía y su madre desde la primavera [de 1856]. Ambas van a residir a la casa de doña Carmen Lugin...” (1999:45). Xa Augusto González Besada dixera moito antes que a nai Teresa quedara en Padrón ao marchar Rosalía a Madrid (1916: 21). Por outra parte, é moi común na bibliografía rosaliana atribuír a propiedade da vivenda madrileña dos Lugin na rúa da Ballesta –propiedade que nunca tiveron, como se demostra no artigo presente e en Fernández (2021)- a Carmen Lugin, á que algúns, erroneamente, daban xa por casada nesa época con Antonio Pérez Serrano. A responsable do diñeiro foi sempre María, a nai de todos eles.

[20] Un dato que avala a confección do padrón entre esas datas é o de que M<sup>a</sup> Josefa del Carmen, a filla de María e curmá de Rosalía, figura alí con 17 anos de idade en vez dos 18 que cumpriría hacia finais de abril de 1856.

residido nel en 1855, quizais non vaian moi descamiñadas as palabras de Bouza Brey, xa que cabe a posibilidade de que esa parte da familia Lugin Castro ademais de Rosalía partisen todos xuntos para Madrid en abril de 1856, pese a que nin Murguía nin os outros biógrafos de Rosalía mencionen este feito. A outra alternativa, que eu considero máis probable, é a de que María e os fillos se fosen un pouco antes que Rosalía, cousa que tampouco sabemos, e que, se cadra, dependía de cando se lle pagase esa parte moi pequena da herdanza que lle correspondía a Tomás Lugin e que lle faltaba por recibir.

Agora coñecemos, grazas ao importante achado do expediente matrimonial da poeta feito público por SAGRARIO ABELLEIRA e MIGUEL ANXO SEIXAS (2021) e que corrixe o que ata arestora moitos pensabamos, que antes de residir desde xaneiro de 1858 no cuarto baixo alugado pola súa tía na rúa da Ballesta nº 13, Rosalía habitou noutras vivendas en distintos lugares de Madrid, moi probablemente cos seus familiares Lugin Castro, como dan a entender os testemuños anteriores, malia non ter datos que o demostren, pois aos citados antes cabe engadir outro contemporáneo aos feitos, o de Nicolás Murguía, quen na coñecida misiva de abril do 1857 dirixida ao seu irmán Manuel con motivo da aparición do poemario *La flor* impreso por M(iguel) González, sinalaba a orixe da poeta: “La joven D<sup>a</sup> Rosalía de Castro, hija de Villagarcía...” (Carballo Calero, 1979: 58); unha identidade xeográfica a daquela mociña, ao que se ve pouco coñecida entón na vila do Apóstolo, que non tiña que ver con Padrón nin Santiago e que só lle podía ser atribuída en canto integrante dunha familia, a dos Lugin Castro, coa que residía en Madrid, procedente dun territorio preto daqueloutro mencionado por Nicolás Murguía, Sobradelo (en Vilaxoán), e que mesmo en épocas pasadas pertencera a Vilagarcía de Arousa.

Por conseguinte, é probable que María, Carmen, Tomás e Rosalía –e non sabemos se nalgún momento tamén Concepción, a filla de María, que en setembro de 1856 casaba con Ángel Aller y Presas-, se movesen co pouco diñeiro do que dispuñan por cuartos de aluguer e por algunha que outra casa de hóspedes antes de recalar no domicilio máis coñecido da rúa da Ballesta. Vivendas situadas nas rúas de Valverde nº 31, Corredera nº 10, San José, e Hernán Cortés nº 7 (Abelleira Méndez e Seixas Seoane, 2021: 57). En dous deses enderezos había casas de hóspedes: no número 10 de Corredera Baja a de dona Josefa Llobregat -rúa na que en 1857 e no número 26, preto desa casa, vivía Eduardo Gasset, membro dunha familia afincada en Pontevedra que seguramente coñecía ben aos Armero-; e no 7 de Hernán Cortés outras dúas, a de don Víctor Ganron e a de don Manuel Esparza<sup>[21]</sup>. Ademais, e aínda que isto é unha posibilidade entre outras moitas, non cabe descartar que puido ser nas vivendas de Corredera ou de San José onde se produciu aquela situación comentada

---

[21] Poden verse estes datos na lista de habitantes de Madrid feita neses anos por Fernando Domingo López (1857: 218, 220, 222).

por Alejandra Murguía a Martínez Barbeito (1949<sub>a</sub>:7) na que Rosalía ao asomarse a unha fiestra na festividade do Carme estivo a punto de ser ferida por un “negro” (¿un integrante da Milicia Nacional de uniforme escuro?), xa que nos días 14, 15 e 16 de xullo de 1856 produciuse a contrarrevolución liderada por O’Donnell que deu fin ao “bienio progresista” e tiveron lugar choques entre o exército e as forzas da Milicia Nacional nesas rúas ou nas proximidades, con disparos que alcanzaron a xente que estaba na súa casa, e, en concreto, na Corredera de San Pablo, a unha señora que estaba a refrescarse no faiado da vivenda<sup>[22]</sup>.

Cando Rosalía habita no coñecido domicilio madrileño da rúa da Ballesta, no que tamén vive Murguía desde marzo de 1858 (Abelleira Méndez e Seixas Seoane, 2021: 54 e 58), e atendendo ás circunstancias anteriores, é pouco probable que houbera nel eses faladoiros e intensa vida social cos que habitualmente se describiu a súa estancia na cidade, nin que estivese rodeada daquel glamur con que ás veces se retratou a casa na que vivían os parentes pobres dos Armero, sen que esta familia tivese xa ningunha presenza no Ministerio de Facenda nin puidese axudarlles nas súas cuitas presentes. Ver aos irmáns Bécquer por alí como en bastantes ocasións se dixo sen ningún apoio documental, é engadir fantasía a un relato xa de seu bastante fantasioso sobre as vivencias rosalianas na capital. A pesar diso, é posible que ese diñeiro da herdanza ben administrado se estirase dabondo para que naquela casa e nas anteriores se puidera vivir cunha certa dignidade<sup>[23]</sup>.

A vivenda da rúa da Ballesta foi unha de tantas que tiveron neses anos os Lugin Castro, como a da rúa San Jorge, 4, cuarto principal, na que finaba dunha tise catarral ou tuberculose o 4 de abril de 1861 quen máis sufrira coa fuxida de Tomás, a súa muller María Castro e Abadía, enterrada no cemiterio xeral extramuros da Puerta de Fuencarral (AGA “Expediente de clasificación...”)<sup>[24]</sup>. Foi despois do pasamento

[22] Cito algúns sucesos deses días recollidos polos xornais madrileños: “También cuando el fuego de cañón y fusilería estaba reconcentrado en la bajada de Santo Domingo, una señora que estaba tomando el fresco en una boardilla de la Corredera de San Pablo, recibió un balazo en un brazo, de cuyas resultas parece que se halla de bastante gravedad” (*Diario oficial de avisos de Madrid*, 1856: 4); “Algunas otras muertes cometidas por tan bárbaros y criminales medios, tuvieron lugar en la calle de la Corredera Alta y plazuela de San Ildefonso” (*La Nación*, 1856: 3); “En la mañana del 16, y por espacio de cinco horas consecutivas, estuvieron haciendo ocho ó diez hombres una defensa tenaz en la plazuela del Ángel, contra dos compañías de Talavera, que avanzaban y retrocedían á cada momento, hasta que vinieron en su auxilio cuatro piezas de artillería, que haciendo un fuego mortífero, enfilaron la calle de las Huertas, destrozando diez ó doce casas. En dicho sitio se disputaron palmo á palmo el terreno hasta la esquina de la calle de San José” (*La Iberia*, 1856:1-2).

[23] Espallando os xornais madrileños de abril de 1856 vense anuncios de cuartos baixos de varias pezas en zonas próximas ás das vivendas dos Lugin Castro que oscilaban entre os setenta e os cento cincuenta reais ao mes.

[24] A rúa de San Jorge estaba entre a da Raíña e a de Caballero de Gracia, e desapareceu coas obras da Gran Vía a partir de 1910. De Carmen Lugin Castro coñecemos outros dous domicilios en Ma-

da súa nai cando os orfos, os dous solteiros, solicitaron a pensión xustificando a súa extrema pobreza con ese informe xudicial xa citado de outubro de 1861, avalado por Murguía e outras dúas testemuñas, Elías Bermúdez del Villar e José María Vivas. A pensión foilles denegada o 11 de xaneiro de 1862 entre outras razóns por non poder acreditar o pasamento do seu pai (AGA “Expediente de clasificación de pensión...”).

Respecto das testemuñas, sabemos que no ano 1861 o matrimonio Murguía-Rosalía vivía en Madrid, onde mantiña unha activa vida creativa e seguramente gozaba tamén de certa prosperidade económica, pois ás colaboracións do primeiro en varios xornais e á publicación por entregas da novela *Flavio* de Rosalía, únese a viaxe que a parella fixo durante o verán por diferentes territorios peninsulares (Barreiro Fernández, 2012: 242-245). Así que coñeceron de primeira máñ as circunstancias da morte da súa tía María Castro e os desacougos e pesadumes nos que estaban a vivir os dous curmáns de Rosalía, Carmen e Tomás; daí o papel de Murguía como asinante no devandito informe, no que se di verbo del que é escritor de 28 anos cumpridos, casado, que vive na rúa da Estrella, nº 15, principal, e que certifica a verdade do escrito “por conocer y tratar a los suplicantes y a sus padres” (AGA “Expediente de clasificación de pensión...”). Enderezo o da citada rúa madrileña do matrimonio Murguía-Rosalía descoñecido ata o presente e que convén engadir aos xa sinalados por outros autores.

Sobre o coruñés Elías Bermúdez del Villar xa dixera Alejandra Murguía que fora quen presentou aos seus pais antes de coñecérense dado que era “amigo de Rosalía” (Martínez Barbeito, 1949<sub>b</sub>: 1), cousa que fixo cando era estudante na Facultade de Dereito de Madrid; versión que contradí a de González Besada, que lle atribuíu o encontro entre os dous a Eduardo Chao. Polo tanto trataríase dunha persoa relacionada coa familia, que aparece nalgúns momentos importantes da mesma, malia non ter case presenza na correspondencia de Murguía. Máis tarde exerceu, entre outros cargos, o de Funcionario da Administración e Propiedades do estado en 1863, administrador de bens nacionais de Ourense a partir de 1865, oficial da Dirección da Débeda en Madrid en 1871, Xefe Económico de Facenda en Santander en 1875, e director da Fábrica de Tabacos da Coruña desde 1881, posto do que foi cesado en marzo de 1884. Finou en novembro de 1885. Menos sabemos de José María Vivas, posiblemente funcionario de Facenda, que consta como cesante en 1859 e morto en 1881.

Dous meses despois daquela resolución denegatoria da pensión para os fillos que a solicitaban, a historia dá un xiro sorprendente ao producírese a morte de Tomás Lugín Armero. Así o testemuñaba José de Sousa Barbado, reitor da parroquia de San Cristovão de Rio-Tinto, na diocese do Porto, nun texto escrito en portugués e traducido polo cónsul español nesa cidade:

---

drid. Vivía na praza de Bilbao, nº 10, cuarto entresollado, cando o seu fillo Alejandro Pérez Lugín foi bautizado en 1870, e na rúa de Hortaleza, nº 62, cando casou con Antonio Pérez Serrano.



El día diez del mes de marzo del año 1862 a las siete de la mañana en una casa-fábrica del lugar de Mão Poderosa de la parroquia de San Cristóbal de Río-Tinto, concejo de Gondomar [...] murió repentinamente Don Tomás Lugín Armero, empleado en la misma fábrica, de sesenta y ocho años de edad que se decía vecino feligrés de esta parroquia.

E engadíanse algúns datos interesantes: "Se ignoran los nombres de sus padres y de los abuelos. No hizo testamento y consta que tenía dos hijos. Fue sepultado en los claustros del convento de Formiga [...], concejo de Valongo" (AGA "Expediente de clasificación de pensión...").


En realidade tiña sesenta e nove anos, case setenta, pero iso era o de menos, como o era tamén o saber de que fillos estaba a falar o párroco, se de dous máis que engadir aos que deixara en España ou dos dous que en Madrid solicitaban a pensión de orfandade. Con esa morte a súa filla Carmen podía cobrar a súa pensión de 2000 reais -non así o seu irmán Tomás debido a que excedía dos vinte anos que marcaban a maioría de idade para os varóns- que lle foi concedida en xullo de 1862.

## Epílogo


En 1877 Carmen casaba con Antonio Pérez Serrano, como xa se dixo, e en 1915 o seu fillo Alejandro Pérez Lugín publicaba *La casa de la Troya*, na que homenaxeaba a seu avó ao recuperar o apelido Armero por medio do personaxe de Augusto Armero, unha especie de *alter ego* do autor. Na súa novela póstuma, *Arminda Moscoso*, non só volvía aparecer este personaxe, senón que introducía a un tal Tomás, tío do protagonista Ramón Asorey e indiano enriquecido, que de rapaz estivera enamorado da entonces moza Peregrina, agora, xa maior, dona do pazo da aldea na que transcurría a obra e á que Tomás volvía da emigración. É difícil saber se o feito de ser rico era a vinganza do autor polas penalidades familiares pasadas pola súa nai e polo seu tío, mais un refacho da historia fixo que o Tomás real (fillo de Tomás Lugín e María Castro), Peregrina Compañel e Rosalía, aparecen facéndose compañía nunha foto e nunha carta sen data, pero quizais de ao redor de 1862, que probaba a estreita relación da poeta cos Lugín Castro e co máis cativo dos seus curmáns, e quen sabe se tamén a súa axuda como intermediaria ou o papel de "carabina" voluntaria nos posibles desvelos amorosos do seu primo pequeno.

## ANEXO

## Xenealoxía provisoria de Tomás Lugín Armero, tío de Rosalía de Castro, e dos seus fillos Lugín Castro\*



\* Nos casos dos fillos de José García de Lugín e Margarita Armero figura “de Lugín” entre paréntese porque adoitaban usar só o García Armero como apelido. Pola contra, os fillos de Manuel García de Lugín e Tomasa Armero, pais de Tomás Lugín, prescindían –aínda que non sempre- do “García de” en favor do Lugín Armero. Na actualidade os únicos membros desa familia galega que conservan o apelido “Armero” son os descendentes de Francisco García Armero. Josefa Armero meteuse monxa, polo que non tivo descendencia.



María Sebastiana Armero, tía de Tomás Lugín, e Manuel Benito Cardecid, foron os tataravós maternos de Ramón Cabanillas; mentras que Francisca Javiera García Armero, curmá de Tomás Lugín, e Mariano Lloves Padín, foron tamén tataravós maternos de Carmen Martín Gaité.

Josefa Armero meteuse monxa, polo que non tivo descendencia.

# REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

## Bibliografía primaria

### Fontes manuscritas en Arquivos

AFG-A (Arquivo da Familia García-Armero).

- Carta de Juan García Armero a Francisco García Armero, 08-06-1855.
- Estado de las ventas de las fincas de la herencia de Doña María Armero y división entre sus once herederos (1855).

AGA (Archivo General de la Administración)

- Expediente de clasificación de pensión de Dolores Lugín Castro. Huérfana de Tomás Lugín IDD(01)010.005-caja 12/20445 Exp. 600.

AHDM (Archivo Histórico Diocesano de Madrid)

- Partida de bautismo de Alejandro Pérez Lugín. Parroquia de San José. Libro de bautismos de 1876-1877, libro 37, folio 141.
- Partida de defunción de José M<sup>a</sup> Lugín. Parroquia de San Martín. Libro de defunciones 1855-1857, libro 40, folios 32-33.

AHDS (Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela)

- Partida de matrimonio de Tomás Lugín Armero y María de Castro y Abadía. Parroquia de Iria Flavia. Libro de casados 1783-1830, PO12113.

AHN (Archivo Histórico Nacional)

- Expediente de clasificación de jubilación de Tomás Lugín y Armero, Administrador de Rentas. 1846. FC-M<sup>o</sup> Hacienda, Cartapacio 2677, Exp. 81.
- Hoja de servicio de Tomás Lugín Armero, Administrador de Rentas. 1808/1847. FC-M<sup>o</sup> Hacienda, Cartapacio 3066, Exp. 232.
- Hoja de servicio de Tomás Lugín Armero, Administrador de Rentas. 1824/1851. FC-M<sup>o</sup> Hacienda, Cartapacio 3074, Exp. 493.
- Hoja de servicio de Tomás Lugín Armero, Inspector 2<sup>o</sup> Jefe de la Administración de Rentas del Partido de Carrión, provincia de Palencia. 1808/1850. FC-M<sup>o</sup> Hacienda, Cartapacio 3400, Exp. 275.

AHUS (Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela)

- Actas de Claustros anos 1817-1821 F.U-, A-140
- Actas de la Junta de la Facultad de Medicina anos 1817-1844 F.U, A-166
- Batallón Literario de Santiago, sección Histórica, mazo 341
- Libro de Actas del Ayuntamiento de Santiago de 1838 A.M. 395, folio 125 r

### Fontes Hemerográficas

*Boletín Oficial de la Provincia de Palencia* (1849), 28 de noviembre

*Boletín Oficial de la Provincia de Palencia* (1851), 22 de septiembre

*Diario Oficial de Avisos de Madrid* (1856), 20 de julio, 4

*El Centinela* (1843), 27 de noviembre, s.p.

*Gaceta de Madrid* (1867), 27 de febrero, 3

*La España* (1855), 10 de marzo, 4

*La Iberia* (1856), 18 de julio, 1-2

*La Nación* (1856), 19 de julio, 3

### Bibliografía secundaria

Abelleira Méndez, Sagrario e Seixas Seoane, Miguel Anxo (2021): *Rosalía e Murguía: datos, datas e documentos (1851-1858)*. Xunta de Galicia.

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (1997): “Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro”. *Grial* 136, 479-501.

\_\_\_\_ (2002): “Un novo documento rosaliano: venda outorgada por Rosalía de Castro en 1866”. *Revista de Estudos Rosalianos* 2, 93-111.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2008): “O batallón Literario de Santiago”. VVAA, *Minerva e Marte. O Batallón Literario de 1808*. Santiago: Universidade, 10-46.

\_\_\_\_ (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.

\_\_\_\_ (2014): “A evolución intelectual e política do matrimonio Murguía-Castro, dende os anos sesenta aos anos oitenta do século XIX”, en Rosario Álvarez, Anxo Angueira, María do Cebreiro Rábade, Dolores Vilavedra (coords.), *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 19-37.

- Bouza Brey Trillo, Fermín (1958): "Hoy hace un siglo que Rosalía de Castro se casó con D. Manuel Murguía". *El Correo Gallego* (10 de octubre), 8
- \_\_\_\_\_ (2015, pero 1970-1971): *Apuntes para una bio-bibliografía documentada de Rosalía de Castro. Memoria final descriptiva de la investigación realizada por el becario Fermín Bouza-Brey Trillo*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Carballo Calero, Ricardo (1979): *Estudios rosalianos: aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia.
- Domingo López, Fernando (1857): *El indicador de Madrid para el año 1858, o sea Indice General de los principales habitantes, con las señas de sus habitaciones, así como de los contribuyentes y oficinas públicas y particulares, con un breve resumen de noticias de esta capital*. Madrid: Imprenta Nacional.
- Fernández, Luis Miguel (2021): "Cerezas en un canasto: las conexiones familiares entre Carmen Martín Gaité, Rosalía de Castro y Alejandro Pérez Lugín, con otras noticias desconocidas sobre Tomás Lugín Armero". *Anales de la Literatura Española Contemporánea* (ALEC), vol. 46.1, 47-78
- Fernández-Villamil y Alegre, Enrique (1942): "Los Armero. Una olvidada familia pontevedresa y algunas cosas más". *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, nº 35-38 (enero-diciembre), 63-108.
- González Besada, Augusto (1916): *Discurso leído ante la Real Academia Española en la recepción pública del Excmo. Señor Don Augusto González Besada el día 7 de mayo de 1916*. Madrid: Imprenta Clásica Española.
- Martínez Barbeito, Carlos (1949<sub>a</sub>): "Ovidio Murguía y sus hermanas. Un negro disparó sobre Rosalía durante una revuelta en la Corte". *La Noche*, XXX, nº 6 (19 de noviembre), 1 y 7
- \_\_\_\_\_ (1949<sub>b</sub>): "Bécquer dejó sin pagar un artículo a Rosalía". *La Noche*, XXX, nº 7 (26 de noviembre), 1 y 2
- Meijide Pardo, Antonio (1973): *Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la ría de Arosa (1780-1830)*. La Coruña: Imprenta de Moret.
- Naya Pérez, Juan (1999): *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro*. A Coruña: Diputación Provincial (o artigo "Murguía y su obra poética", contido neste volumen, publicouse por vez primeira en *Boletín da Real Academia Gallega*, nº 289-293, xaneiro 1946-diciembre 1950).
- Sánchez Salas, Daniel (2007): *Historias de luz y de papel. El cine español de los años veinte a través de su adaptación de la narrativa literaria española*. Murcia: Filmoteca Regional Francisco Rabal/ Murcia Cultural S.A.

Santos Castroviejo, Iago (1998): “Os séculos XVIII e XIX (ata 1870): protagonistas e transformacións”. En Carmen Fernández Casanova (coord.), *Historia da pesca en Galicia*. Santiago: Universidade, 87-139.

Solá, Jaime (1917): “En la patria de Rosalía de Castro II. (Conclusión)”. *Vida Gallega*, año IX, vol. VI, n° 94 (octubre), 9

\_\_\_\_\_ (1918): “Historia de Rosalía de Castro. Post-información”. *Vida Gallega*, año X, vol. VI, n° 116 (25 octubre), s.p. pero 2-5

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello de Arteixo

# Arteixo



A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO